

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de setembro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO.- EXCLUSIÓN DE EMPRESAS LICITADORAS DO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN, PROMOCIÓN DA SAÚDE E DINAMIZACIÓN DE PERSOAS MAIORES, (PROGRAMA AMESSAN) DO CONCELLO DE AMES.-

O 12 de maio de 2016 aprobouse en Xunta de Goberno Local o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do servizo de Desenvolvemento de actividades de prevención, promoción da saúde e dinamización de persoas maiores, (Programa Amessan) do Concello de Ames.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que o 9 de agosto de 2016 a Mesa de Contratación reuniuse con motivo da apertura das Referencias Técnicas “Sobres B”.

Unha vez comprobada pola Mesa de Contratación a documentación que figuraba nos Sobres B, denominados Referencias Técnicas, púidose constatar que as empresas Servizos Integrals de Formación S.C e A Billarda S.L. incumpren o establecido na cláusula 16.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares ao non presentar a súa proposta en formato informático (USB) tal como indicaba a cláusula referenciada.

O 19 de agosto de 2016, con número de rexistro de entrada 8.534 a empresa A Billarda S.L. presenta alegacións fronte á exclusión do procedemento de licitación.

O 30 de agosto de 2016 réunese a Mesa de Contratación con motivo de resolver as alegacións presentadas pola empresa A Billarda S.L. fronte a súa exclusión, propoñendo dende a Mesa propoñer a desestimación das alegacións presentadas por quedar acreditado o incumprimento da obriga de presentar a documentación do sobre B en formato informático (USB).

Visto o anterior, así como a delegación efectuada mediante decreto de alcaldía 480/2016, de 16 de marzo (BOP nº 62, de 4 de abril de 2016), a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas pola empresa A Billarda S.L. ao quedar acreditado o incumprimento da obriga de presentar a documentación do sobre B en formato informático (USB), tal e como esixe o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares

Segundo.- Excluir do procedemento de licitación do servizo de Desenvolvemento de actividades de prevención, promoción da saúde e dinamización de persoas maiores, (Programa Amessan) do Concello de Ames ás empresas Servizos Integrals de Formación S.C e A Billarda S.L. por non presentar a súa proposta en formato informático (USB) tal e como se indica na cláusula 16.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Terceiro.- Notificar ás empresas Servizos Integrals de Formación S.C. e A Billarda S.L. a exclusión .

Cuarto.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións e trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 13 de setembro de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

A secretaria

O alcalde

José M. Miñones Conde